

¡Volvemos ás rúas!

FOLGA XERAL de estudantes 5-6-7 Febreiro

SEGUNDA SEMANA DE LOITA DO 4 AO 8 DE FEBREIRO

- ★ ¡Retirada inmediata da contrarreforma franquista do PP!
- ★ ¡Wert dimisión!
- ★ ¡Liberdade de expresión para a mocidade: o noso dereito de folga non se toca!
- ★ Non aos ataques contra o galego!

Todos e todas ás manifestacións o 6 de Febreiro



O Goberno de Mariano Rajoy lanzou un ataque brutal contra as condicións de vida das nosas familias. Os salarios dos nosos pais recórtanse día tras día; o desemprego alcanza xa os seis millóns, (entre a mocidade supera o 50%) e os banqueiros, co respaldo do PP, desafiúzan cruelmente a centos de miles de familias das súas vivendas. Pero como isto non é suficiente, ademais decídese cunha arrogancia sen límite privatizar a sanidade e o ensino público, para converter estes dereitos sociais nun lucrativo negocio para unha minoría.

O goberno do PP, que defende exclusivamente os intereses da banca e dos grandes empresarios, declarou a guerra á maioría da poboación. Pero nós, as familias traballadoras, os estudantes, os parados, non imos deixarnos pisar. Somos máis, somos máis fortes, e a rebelión social que estamos protagonizando contra estas políticas inxustas vai dar resultados.

éxito tremendo. Millóns de estudantes baleiramos as aulas dos institutos e a universidade, e centos de miles participamos nas históricas manifestacións do 17 de outubro. Si, saímos ás rúas porque o PP quere volver ao ensino franquista, onde a educación de calidade estea reservada exclusivamente para os que a poidan pagar, e os mozos das familias traballadoras sexamos arroxados ás listas do desemprego ou aos traballos lixo con salarios miserables.

A nosa loita en defensa do ensino público, gratuíto, de calidade, democrática e laica, gañou o apoio da maioría da sociedade, dos traballadores e os profesores. Un logro que se puxo de manifesto o 18 de outubro, cando a CEAPA uniuse ao Sindicato de Estudantes e xuntos organizamos manifestacións que contaron coa participación de centos de miles de pais, estudantes e profesores en dúcias de cidades.

O PP quere destruír a educación pública e devolvernosa á escola franquista

A folga de 72 horas organizada polo Sindicato de Estudantes o 16, 17 e 18 de outubro foi un

O PP deu a razón ao Sindicato de Estudantes cando sinalamos que quere devolvernosa á escola franquista. As novas medidas que introduciron na contrarreforma son claras respecto diso. Para empezar incrementárase o escandaloso poder que a Igrexa Católica ten sobre a educación (actualmente propietaria do 80% da privada concertada), facendo que a asignatura de relixión sexa evaluable en secundaria e conte no expediente



Sindicato de Estudantes

académico. Por outra banda, á vez que se blindan as subvencións para colexios que segregan por razón de sexo, tamén se incrementan as facilidades para seguir desviando fondos públicos a aqueles que ven a educación como un negocio e non como un dereito. Esta última batería de ataques complétase coa intención de acabar co dereito a que os estudantes cataláns, galegos e vascos poidamos estudar e aprender con garantías dentro da escola pública as nosas respectivas linguas propias. Para rematar, o ministro Wert, ante a forza demostrada pola mocidade, declarou a súa intención de suprimir o dereito a Folga de TODOS os estudantes de secundaria.

Como se poden cualificar estas medidas brutais? ¡Nós non mentimos, son herdeiros do franquismo e queren devolvernos ao mesmo sistema educativo, antidemocrático e autoritario!

Podemos vencer.

5, 6 e 7 de Febreiro: Folga estudantil

Este goberno e os grandes poderes económicos que están detrás del, acúsannos de vagos e de “ninis”, cando son eles os que nos negan un posto de traballo digno, e non teñen ningún escrúpulo en utilizarnos como mercancía da que sacar beneficios aínda a costa das nosas vidas. A morte de cinco rapazas no *Madrid Arena*, como consecuencia do afán de lucro duns empresarios desalmados pero moi ben conectados co goberno do PP, son a mellor proba do cinismo dos que defenden este sistema inxusto, dos que criminalizan aos mozos hipocritamente, dos que apoian os recortes e as reformas para encherse os petos.

Nós e as nosas familias estamos sufrindo moito, mentres unha minoría nada na abundancia. Para eles non hai recortes, non hai desafiuzamentos, non hai despedimentos. Por iso cada día máis persoas súmanse á loita, á protesta en defensa dos seus dereitos: vímolos na gran folga xeral do 14-N, nas mobilizacións en defensa da sanidade pública madrileña, nas concentracións exemplares para evitar os desafiuzamentos, na folga indefinida do plantel da empresa de autobuses de Vigo (VITRASA), nas mobilizacións dos traballadores de Navantia en Ferrol contra o despedimento dun compañeiro por “arengar” á participación no 14-N...

O ministro Wert aférrase a unha actitude autoritaria e faise o xordo, aínda que a súa política educativa sexa rexeitada pola inmensa maioría dos pais, profesores e estudantes. Pero imos demostrarlle de novo que non aceptaremos que se destrúa o ensino público. Por iso, desde o Sindicato de Estudantes convocamos outra semana de loita en febreiro, cunha nova folga xeral de 72 horas os días 5, 6 e 7 de febreiro que paralice todos os institutos, e chamamos a todas as organizacións estudantís e xuvenís, progresistas e de esquerdas, a unirse a ela. A contunancia da protesta ten que ser proporcional ao ataque que sufrimos os estudantes de secundaria.

A folga de febreiro ten que converterse nun golpe decisivo, pois nese mes a contrarreforma franquista de Wert (a famosa LOMCE) discútese no Parlamento para a súa aprobación. Desde o Sindicato de Estudantes tamén facemos un chamamento aos sindicatos de profesores (CCOO, CIG, UGT, STEs, CGT...) e á CEAPA, a que se unan á nosa loita e convoquen á folga a toda a comunidade educativa. Todos xuntos lograremos evitar a destrución do ensino público.

¡Únete ao Sindicato de Estudantes!

Todos e todas ás manifestacións o 6 de Febreiro

Para esta 2ª SEMANA DE LOITA, desde o Sindicato de Estudantes propoñemos as seguintes actividades:

• **Luns 4 de Febreiro:** asembleas de estudantes, pais e profesores nos institutos, encerros nos centros de estudo para debater e aprobar a plataforma reivindicativa, formar COMITÉS DE LOITA e organizar as tres xornadas de folga xeral.

• **Martes 5 de Febreiro:** FOLGA XERAL DE ESTUDANTES e organización de piquetes informativos en mercados, centros de saúde, prazas, centros de transporte, etc. para dar a coñecer as reivindicacións do movemento estudantil. Tamén propoñemos a celebración de actos conxuntos informativos cos nosos profesores e pais. A elaboración de pancartas e carteis para decorar todos os institutos e universidades.

• **Mércores 6 de Febreiro:** FOLGA XERAL DE ESTUDANTES E MANIFESTACIÓNS ESTUDANTÍS durante a mañá en todas as cidades e localidades, chamando aos compañeiros de universidade a sumarse activamente a elas.

• **Xoves 7 de Febreiro:** FOLGA XERAL DE ESTUDANTES e realización de MANIFESTACIÓNS de estudantes, pais, nais e profesores pola tarde, que propoñeremos aos sindicatos de profesores e á principal organización de pais e nais, CEAPA.

• **Venres 8 de Febreiro:** asembleas de balance nos centros de estudo con profesores, estudantes e pais para decidir as seguintes accións.

PLATAFORMA REIVINDICATIVA

- **Retirada inmediata da LOMCE.** Nin reválidas nin selectividade, o fillo do obreiro á universidade
- **Por un ensino secundario, unha FP, e unha Universidade públicas, dignas e gratuitas.** Contra o incremento das taxas na universidade pública e a imposición de taxas á Formación Profesional.
- **Non á obrigatoriedade da relixión católica no ensino público. Basta de privilexios á Igrexa Católica.** Non á escola franquista. Nin un euro do orzamento público ao negocio do ensino privado.
- **En defensa dos dereitos democráticos.** Respetar o dereito a estudar e aprender en catalán, galego e euskera, que o franquismo suprimiu.
- **Pola liberdade de expresión da mocidade.** O noso dereito a folga non se toca.
- **Os recortes para os banqueiros.** Readmisión inmediata dos máis de 50.000 docentes despedidos este curso. Reasignación inmediata dos 4.000 millóns de euros que o PP recortou á escola pública.
- **Non ao paro xuvenil.** Non aos contratos lixo e ás prácticas en empresas sen remunerar. Por un subsidio de desemprego indefinido para todos os parados ata atopar un posto de traballo.



www.sindicatodeestudiantes.net • galiza@sindicatodeestudiantes.net

Sindicato Estudantes da Coruña / Sindicato De Estudantes Vigo • @SindicaEstudian